

#deseñogalego
#materiotecadegalicia

@InnovaDeseno
@innova_con_deseno_galego



CICLO SUSTENTABILIDADE E CIRCULARIDADE DOS MATERIAIS

Workshop presencial e online MATERIAIS BASEADOS EN MATERIAS PRIMAS SECUNDARIAS

Xoves, **28 abril** de 2022. De 10:00 a 14:00 h.
CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol



MATERIOTECA DE GALICIA

A actual crise de materias primas puxo en evidencia a elevada dependencia que as economías europeas teñen da importación de recursos e materiais. Como solución, a Comisión Europea propón aumentar a recuperación das materias primas críticas a partir de produtos usados e o uso de materiais reciclados para cubrir de forma parcial a demanda, ao mesmo tempo que se reduce a extracción cada vez máis complexa de recursos naturais. A revalorización destes residuos e subprodutos convérteos nas denominadas materias primas secundarias.

Este workshop, organizado pola Axencia Galega de Innovación a través da Materioteca de Galicia, está orientado a profesionais do deseño, a enxeñería e a construción e consta de dúas partes. Na primeira delas, de carácter híbrido, empresas e entidades galegas como **Rir&Co, Cholita Recicla, Extraco e os grupos de investigación en construción, estradas, xeotecnia e materiais da Universidade da Coruña**, presentarán as súas propostas de materiais téxtiles e para a construción e o mobiliario urbano. En todas elas predomina a revalorización de materiais recuperados procedentes de diferentes sectores industriais.

A segunda parte, de carácter exclusivamente presencial, terá formato de taller práctico e interactivo a cargo de **Materially**. Nel analizarase unha selección de materiais innovadores baseados en materias primas secundarias a través de dinámicas de recompilación de ideas e propostas de aplicacións alternativas. Os materiais presentados forman parte dun estudo estratéxico que será presentado durante o taller e publicado na web da Materioteca de Galicia.

10.00 - 10.10 h	Presentación do workshop María José Mariño. Axencia Galega de Innovación
10.10 - 10.30 h	Materiais con reutilización do plástico reciclado Gema Neira. Cholita Recicla
10.30 - 10.50 h	Residuos: novos materiais para artesanía, deseño e innovación Inés Rodríguez. Rir&Co e D-Leite
10.50 - 11.20 h	Materiais secundarios e coprodutos: experiencias de uso en materiais de construción Francisco Javier Prego. Extraco Ana María Rodríguez. Grupo de Estradas, Xeotecnia e Materiais da Universidade da Coruña (CGM-UDC) María Belén González. Grupo de Construción da Universidade da Coruña (gCons-UDC)
11.20 - 11.35 h	Pausa-café
11.35 - 13.50 h	Taller de presentación de materiais (só presencial) Unai Etxebarria e Iker Agirre. Materially
13.50 - 14.00 h	Peche da xornada